

DINÁMICAS DE GRUPO

EXEMPLOS DE CASOS PRÁCTICOS

CASOS DO TIPO:

Decidir en grupo unha solución a un problema

EXEMPLOS CONCRETOS:

A NASA

- ❖ O teu equipo aterra na Lúa. Deberás reparar a túa nave nunha base que está a 300 km. Danche unha listaxe con 15 obxectos e deberás elixir do 1 ao 15 por orde de importancia cal levarías. Primeiro o fas por separado e logo co teu equipo.

O CÁRCERE OU A ILLA DESERTA

- ❖ O equipo debe idear a fuxida dun cárcere onde os seus membros están prisioneiros/as. Proporciónanse diferentes rutas, persoas, materiais, etc. Cada opción ten as súas vantaxes e inconvenientes. O equipo debe tomar decisións sobre as súas eleccións e argumentalas.

EXEMPLOS DE CASOS PRÁCTICOS

CASOS DO TIPO:

Xogo de roles

EXEMPLOS CONCRETOS:

A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO COMERCIAL NUNHA ZONA PROTEXIDA

- ❖ **Debátese sobre un proxecto conflictivo:** a construción dun centro comercial nunha zona de bosque protexida cerca dunha pequena cidade na que apenas hai comercio e os seus habitantes teñen que desprazarse decenas de kilómetros cada vez que queren facer compras.
- ❖ **Repártense diferentes roles:** ecoloxista, promotor/a inmobiliario, o/a consumidor/a, o/a concelleiro/a...Cada participante terá que defender a postura dun personaxe aínda que non estea dacordo con ela.

EXEMPLOS DE CASOS PRÁCTICOS**CASOS DO TIPO:**

Debater unha opinión sobre un tema de actualidade ou dunha problemática social

EXEMPLOS CONCRETOS:**A TV E A SOCIEDADE ACTUAL**

Inflúe positiva ou negativamente a TV actual na educación e comportamento das persoas?

- ❖ Divídense aos/ás participantes en dous grupos.
- ❖ Un deles debe defender unha postura e o outro grupo a contraria.

EXEMPLOS DE CASOS PRÁCTICOS**CASOS DO TIPO:**

Debater sobre situacións semellantes ás que se poden atopar no posto de traballo para o cal se está avaliando ao persoal

EXEMPLOS CONCRETOS:**O/A CLIENTE ENFADADO/A**

- ❖ Chega un/ha cliente moi enfadado/a a unha oficina bancaria, ten unha disputa co persoal de Caixa e decide chamar á persoa que exerce a xefatura de zona e esta á que exerce a dirección da oficina da entidade para ver o que pasa. O persoal de Caixa é un/ha empregado/a cunha boa traxectoria de moitos anos na empresa, pero está a pasar unha época difícil debido a problemas persoais.
- ❖ O obxectivo da proba é chegar a un acordo sobre que hai que facer co/a caixeiro/a e co/a cliente.